



BOP

MÉRCORES, 21 DE NOVEMBRO DE 2018 N.º 267

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Resolución do 6 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta, do 31 de outubro de 2018, polo que se outorgan as autorizacións administrativas previa e de construción, e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais, da LAT 132 kV Sub. PE Carracedo - Ap N° 16 LAT 132 kV Ap N° 35 LAT Sub. Mondoñedo - Sub. Meira a Sub. PE Farrapa I, Farrapa II, Neda, emprazada no concello da Pastoriza (Lugo) e promovido pola sociedade Norvento Estelo, SLU (IN407A 2017/2-0).

En cumprimento do disposto no artigo 34 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental e no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, faise público o Acordo do Consello da Xunta, do 31 de outubro de 2018, polo que se outorgan as autorizacións administrativas previa e de construción, e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais, da LAT 132 kV Sub. PE Carracedo - Ap N° 16 LAT 132 kV Ap N° 35 LAT Sub. Mondoñedo - Sub. Meira a Sub. PE Farrapa I, Farrapa II, Neda, emprazada no concello da Pastoriza (Lugo) e promovida pola sociedade Norvento Estelo, SLU (IN407A 2017/2-0).

Santiago de Compostela

O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 31 de outubro de 2018, polo que se outorgan as autorizacións administrativas previa e de construción, e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais, da LAT 132 kV Sub. PE Carracedo - Ap N° 16 LAT 132 kV Ap N° 35 LAT Sub. Mondoñedo - Sub. Meira a Sub. PE Farrapa I, Farrapa II, Neda, emprazada no concello da Pastoriza (Lugo) e promovida pola sociedade Norvento Estelo, SLU (IN407A 2017/2-0).

Examinado o expediente iniciado por solicitude de NORVENTO, SLU (en adiante Norvento), e actualmente promovido por Norvento Estelo, SLU, en relación coas autorizacións administrativas previa e de construción, e a declaración de utilidade pública, en concreto, para a LAT 132 kV Sub. PE Carracedo - Ap N° 16 LAT 132 kV Ap N° 35 LAT Sub. Mondoñedo - Sub. Meira a Sub. PE Farrapa I, Farrapa II, Neda (en adiante LAT PE Carracedo), constan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. O 11.10.2017, Norvento solicitou as autorizacións administrativas previa e de construción, e a declaración de utilidade pública, en concreto, para a LAT PE Carracedo.

Segundo. O 07.11.2017 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático informou sobre os organismos, sen prexuízo doutros que o órgano substantivo estime oportunos, aos que se debería consultar sobre o estudo de impacto ambiental da LAT PE Carracedo, durante a tramitación do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Terceiro. O 24.11.2017, de acordo co establecido na disposición transitoria terceira da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, Norvento solicitou a tramitación do expediente do parque eólico Carracedo e o das súas infraestruturas de evacuación de acordo co procedemento establecido pola dita lei.

Cuarto. Por Resolución do 30 de novembro de 2017, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, someteuse a información pública a solicitude de autorizacións administrativas previa e de construción, de declaración de impacto ambiental e declaración de utilidade pública, en concreto, da LAT PE Carracedo. Esta resolución publicouse

no Diario Oficial de Galicia do 17.01.2018 e no xornal El Progreso do 12.01.2018, e estivo exposta na mencionada dirección xeral, na Xefatura Territorial de Lugo da Conselleira de Economía, Emprego e Industria (en adiante a xefatura territorial) e no concello afectado (A Pastoriza), os cales emitiron os correspondentes certificados de exposición pública.

Durante o mencionado período de información pública presentáronse as seguintes alegacións: María Isabel Piñeiro Requeijo, o 17.01.2018, Patricio Grandío Paz, o 17.01.2018, e Néstor Torre Arias, en representación de Explotaciones Mineras Gallegas, SL, o 28.02.2018. A continuación resúmese o contido destas alegacións:

- Erros na titularidade e no tipo de cultivo dalgunha das parcelas incluídas na relación de bens e dereitos afectados (RBDA).

- Explotaciones Mineras Gallegas, SL manifesta que é titular da concesión de explotación Mondoñedo Fracción 2ª nº 5530.2, e solicita que se teña en conta a existencia desta explotación mineira a fin de evitar danos e prexuízos, posto que se atopa en activo con máis de trinta traballadores.

Quinto. O 07.12.2017 Norvento solicitou a declaración de interese especial para o parque eólico Carracedo e as súas infraestruturas de evacuación. O 21.12.2017 o Consello da Xunta declarou de interese especial o proxecto do parque eólico Carracedo e o da súa liña de evacuación.

Sexto. Mediante oficios do 08.03.2018, e de acordo co disposto no artigo 45.3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas efectuou o trámite de audiencia ás Comunidades de Montes Veciñais de Carracedo e Rioseco e de Xemil. No prazo outorgado para o efecto non se recibiron alegacións.

Sétimo. O 13.03.2018 a xefatura territorial informou que non existen dereitos mineiros en vigor dentro do espazo físico do trazado da LAT PE Carracedo.

Oitavo. O 14.03.2018 a xefatura territorial informou, en relación co disposto nos artigos 58 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e 161 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que non se aprecia limitación para a expropiación dos terreos e imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica nas parcelas que se describen na relación de bens e dereitos afectados polo proxecto.

Noveno. O 19.03.2018 a xefatura territorial emitiu un informe técnico favorable sobre o proxecto da LAT PE Carracedo.

Décimo. Mediante oficio do 12.09.2018 a Dirección Xeral de Ordenación Forestal remitiu o informe emitido o 30.04.2018 polo Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Medio Rural, de acordo co establecido no artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Décimo primeiro. O 15.10.2018 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas autorizou a transmisión da titularidade, así como a subrogación nos correspondentes dereitos e obrigas, de varios parques eólicos e da LAT PE Carracedo de Norvento, SLU a favor de Norvento Estelo, SLU.

Décimo segundo. O 26.10.2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático formulou a Declaración de Impacto Ambiental relativa á LAT PE Carracedo.

Aos antecedentes de feito descritos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O Consello da Xunta de Galicia é competente para resolver este procedemento con fundamento no artigo 45.6 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Segundo. No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites establecidos na *Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico*, no Capítulo IV do Título II da *Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia*, no *Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica*, na *Resolución do 19 de febreiro de 2014 da Consellería de Economía e Industria pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro*, na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, así como na demais normativa de aplicación. Así mesmo, cumpríronse as disposicións establecidas na Lei 8/2009, do 22 de decembro, que resultan de aplicación a este procedemento, en virtude da disposición adicional terceira da mesma lei.

Terceiro. En relación coas alegacións mencionadas no antecedente de feito cuarto, visto o seu contido e as respostas efectuadas por Norvento, cómpre manifestar que se tiveron en conta todas as manifestacións e documentos achegados polos alegantes para acreditar a titularidade e tipo de cultivo dalgunhas das parcelas afectadas. Non obstante, corresponde á fase de levantamento de actas previas, dentro do eventual procedemento expropiador, a determinación efectiva da titularidade dos bens e dereitos afectados e das súas características, así como das afeccións reais do proxecto sobre eles.

No que se refire a alegación sobre a explotación mineira Mondoñedo Fracción 2ª nº 5530.2, manifestase que tal e como informou a xefatura territorial o 13.03.2018, o trazado da LAT PE Carracedo non afecta a ningún dereito

mineiro en vigor. Do informado despréndese que parte do trazado da liña transcorre próximo ao límite sur da área correspondente á mencionada explotación pero polo exterior desta.

De acordo con todo o que antecede, no exercicio das competencias que ten atribuídas, o Consello da Xunta de Galicia **ACORDA**

Primeiro. Outorgar a autorización administrativa previa a Norvento Estelo, SLU para a *L.A.T. 132 kV SUB. P.E. CARRACEDO - AP. Nº 16 L.A.T. 132 kV AP. Nº 35 L.A.T. SUB. MONDOÑEDO - SUB. MEIRA A SUB. P.E. FARRAPA I, FARRAPA II Y NEDA*, emprazada no concello da Pastoriza (Lugo).

Segundo. Outorgar a autorización administrativa de construción para o proxecto de execución da LAT PE Carracedo, composto polo documento *PROYECTO DE EJECUCIÓN L.A.T. 132 kV SUB. P.E. CARRACEDO - AP. Nº 16 L.A.T. 132 kV AP. Nº 35 L.A.T. SUB. MONDOÑEDO - SUB. MEIRA A SUB. P.E. FARRAPA I, FARRAPA II Y NEDA. Julio 2017*, asinado polo enxeñeiro industrial do ICAI Pablo Fernández Castro (colexiado nº 985/201).

As características principais das instalacións recollidas no proxecto son as seguintes:

Solicitante: Norvento Estelo, SLU

Denominación: LAT 132 KV SUB. PE CARRACEDO – AP Nº 16 LAT 132 KV AP Nº 35 LAT SUB. MONDOÑEDO – SUB. MEIRA A SUB. PE FARRAPA I, FARRAPA II, NEDA

Finalidade: evacuación da enerxía eléctrica producida no parque eólico Carracedo

Municipio afectado: A Pastoriza (Lugo)

Orzamento de execución material: 448.134,18 euros

Características técnicas:

- Liña eléctrica aérea en simple circuíto, en condutor LA-180, cunha tensión nominal de 132 kV e unha capacidade de transporte de 98,77 MW.
- A liña eléctrica ten unha lonxitude total de 4.888 metros, con orixe na subestación do PE Carracedo e final no apoio 16 da LAT a 132 kV apoio nº 35 da LAT a 132 kV Sub. Mondoñedo a Sub. Meira – Sub. PE Farrapa I, Farrapa II e Neda,
- Apoios tipo torre metálica de celosía con illadores de vidro temperado U-100-BS / U-70-BS.

Terceiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, das instalacións da LAT 132 KV SUB. PE CARRACEDO – AP Nº 16 LAT 132 KV AP Nº 35 LAT SUB. MONDOÑEDO – SUB. MEIRA A SUB. PE FARRAPA I, FARRAPA II, NEDA, segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (BOE nº 351, do 17 de decembro).

Cuarto. Declarar a prevalencia da utilidade pública da LAT 132 KV SUB. PE CARRACEDO – AP Nº 16 LAT 132 KV AP Nº 35 LAT SUB. MONDOÑEDO – SUB. MEIRA A SUB. PE FARRAPA I, FARRAPA II, NEDA sobre o interese xeral dos aproveitamentos forestais afectados, en conformidade co informe do Servizo de Montes de Lugo do 30.04.2018, remitido pola Dirección Xeral de Ordenación Forestal o 12.09.2018, ao que fai referencia o artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Todo isto de acordo coas seguintes condicións:

1. Consonte ao disposto no artigo 4 do Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental, Norvento Estelo, SLU constituirá, con carácter previo ao inicio das obras, unha fianza para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo da restauración correspondente á fase de obras. O importe da fianza fíxase, por proposta da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en 4.839 euros.

A dita fianza depositarase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11.3 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias. A súa devolución efectuarase de acordo co establecido no artigo 6 do Decreto 455/1996, do 7 de novembro, unha vez depositada a fianza correspondente á fase de desmantelamento e abandono das instalacións.

2. A instalación eléctrica que se autoriza terá que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto que por esta resolución se autoriza.
3. A empresa promotora asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manteñan as condicións regulamentarias de seguridade.
4. En todo momento deberase cumprir canto establece o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09,

aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro; o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade nas instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio; así como as demais normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación.

5. Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a autorización previa da Dirección Xeral de Enerxía e Minas; non obstante, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicar á dita dirección xeral todas as resolucións que dite en aplicación da citada facultade.
6. O prazo para solicitar a autorización de explotación será de tres anos, contados a partir do presente outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción. En caso de incumprimento, poderá producirse a súa revogación nos termos establecidos no apartado 10 do artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, ou norma que a substitúa.

Unha vez solicitada a autorización de posta en servizo, a xefatura territorial será a encargada de emitir as tralas comprobacións técnicas que considere oportunas.
7. Conxuntamente coa solicitude de autorización de explotación das instalacións NorventoEstelo, SLU deberá presentar ante a xefatura territorial, un certificado de final de obra suscrito por técnico facultativo competente, no que conste que a instalación se realizou de acordo coas especificacións contidas no proxecto de execución aprobado, así como coas prescricións da regulamentación técnica aplicable á materia, de acordo co artigo 132 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro. Así mesmo, deberá presentar ante esta Dirección Xeral un plano "As Built" e outro plano cartográfico en formato "shape" das instalacións da liña eléctrica.
8. De acordo co establecido no artigo 53.10 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o incumprimento das condicións e requisitos establecidos nas autorizacións ou a variación substancial dos presupostos que determinaron o seu outorgamento poderán dar lugar a revogación das autorizacións, previa audiencia do interesado.
9. Esta resolución emítese sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.
10. Este acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

R. 3183

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN

Anuncio

Anuncio

ASUNCIÓN POLA DEPUTACIÓN DE LUGO DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN TRIBUTARIA. CONCELLO DE BURELA.

A Deputación de Lugo no Pleno que tivo lugar o día 27 de novembro de 2007 adoptou o acordo polo que aproba a "Proposta de Reforma das bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público", e que foi modificado polos acordos de 28 de outubro de 2008 e do 29 de decembro de 2015.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 041 do día 19 de febreiro de 2008, publicanse as citadas Bases, así como o alcance e contido da delegación efectuada, sendo tamén publicadas no Diario Oficial de Galicia número 46 do día 5 de marzo de 2008.

No Boletín Oficial da Provincial (en adiante BOP) número 286 do día 13 de decembro de 2008 publicase a reforma das citadas bases e a última reforma publícase no BOP núm 031 do día 8 de febreiro de 2016.

O Concello de Burela no Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2015 adoptou o correspondente acordo de delegación, e no Pleno do día 26 de novembro de 2015, adoptou un acordo de aclaración da Base 11.2.

O día 4 de decembro de 2015 asinase o Convenio entre o concello de Burela e esta Deputación Provincial.

O Concello de Burela, amplia a delegación de competencias, a cal foi aprobada mediante acordo adoptado polo Pleno, celebrado o día 27 de setembro de 2018, que é aceptada pola Deputación Provincial, decreto de data 7 de novembro de 2018, segundo o tenor seguinte:

Primeiro: Aceptar a seguinte delegación, do Concello de Burela, no acordo de data 27 de setembro de 2018, que se fará efectiva a partir a súa publicación no BOP e no DOGA:

-A recadación en período executivo das débedas derivadas de sancións en materia de tráfico.

Segundo: Acordar a publicación da presente delegación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

O PRESIDENTE,P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-7-2016.- A DEPUTADA DELEGADA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA, Mayra García Bermúdez

R. 3242

Anuncio

Modificación da Base Terceira, Décima, Decimoprimeira e Decimosegunda das “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 30 de outubro de 2018 adoptou os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a reforma das “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”, modificando a redacción das seguintes Bases:

-“Base Terceira.- Contido e alcance da delegación”, no apartado 2- da segunda parte, referido á xestión e recadación de padróns.

- “Base Décima.- Compensación económica”, na que se deroga o apartado “a) O 1% do principal e dos xuros recadados en período voluntario”.

-“Base Decimoprimeira.- entregas a conta”, na que se incorpora un novo párrafo coa finalidade de que, cando se produza volume de ingresos extraordinarios se poida realizar unha entrega a conta da liquidación definitiva.

-“Base Decimosegunda.- liquidacións provisionais e definitiva”, que no apartado “Liquidación definitiva” a frase “O importe das entregas a conta mensuais” queda redactada “O importe das entregas a conta”.

Sendo a redacción completa dos textos a seguinte:

1º Base Terceira.- Contido e alcance da delegación, parte segunda:

“- Os concellos, a maiores, poderán delegar as seguintes competencias, sempre que a Deputación Provincial dispoña dos medios personais e materiais necesarios para asumilas, que aceptará unha vez incorporados os medios citados:

1- As competencias que teñen atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natrurezza Urbana.

2- As competencias que teñen atribuídas en materia de liquidación e recadación, en período voluntario e executivo, en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, todos eles de vencemento periódico e xestión mediante padrón.

3- As competencias de xestión recadatoria en período executivo de todas aquelas débedas derivadas de liquidacións periódicas, ou non periódicas, realizadas polos concellos en período voluntario, incluídas as sancións e aquelas outras derivadas dun acto administrativo, en virtude do cal houbese de satisfacerse cantidade líquida”.

2º.- BASE DÉCIMA.- Compensación económica

“Polo exercicio das funcións delegadas a Excm. Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:

a) (derogado).

b) O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.

Este réxime de compensación económica non se aplicará naqueles supostos de xestión e recadación de ingresos derivados das prestacións de servizos por vía de cooperación interadministrativa según o que se regule no convenio aprobado a tal efecto.

3º.- BASE DECIMOPRIMEIRA.- Entregas a conta

“A Deputación Provincial realizará entregas mensuais, sen custo para os concellos, a conta da recadación en período voluntario das débedas de notificación colectiva por padrón, que ha de recadar en cada exercicio, segundo as competencias delegadas.

O importe das entregas a conta calcularase sobre o 90% da recadación por padróns, do exercicio anterior, repartido en 12 mensualidades.

O importe da recadación do exercicio anterior sobre a que se realizará o cálculo do 90% poderase axustar en aqueles importes de liquidacións que modifiquen de forma certa o padrón do exercicio no que se realiza o anticipo.

No suposto de ingresos extraordinarios, efectivos e dun importe cuantitativamente significativo, despois da solicitude do concello, poderá realizarse unha entrega a conta da liquidación anual e definitiva, á que se refire a Base Decimosegunda, polo importe dos ingresos, unha vez descontada a compensación económica que proceda según a Base Décima.

No suposto relativo a ingresos derivados da prestación de servizos por vía da cooperación interadministrativa, será o convenio aprobado ao efecto o que estableza a posibilidade de realizar entregas a conta.

4º.- Apartado segundo da BASE DECIMOSEGUNDA- Liquidacións provisionais e definitiva

LIQUIDACIÓN DEFINITIVA

“No primeiro trimestre do exercicio seguinte practicarase liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso do importe definitivo de recadación do que se deducirá:

- O importe das entregas a conta.
- Devolucións de ingresos indebidos.
- A compensación económica a que se refire a base décima pola prestación do servizo.
- Calquera outro importe que proceda relacionado coas competencias delegadas.

En relación a esta liquidación anual, unha vez comunicada ao concello este poderá, no prazo dun mes alegar o que estime pertinente, así como achegar calquera tipo de documentación. Transcorrido o prazo sinalado, sen que se presenten alegacións, a liquidación anual entenderase definitivamente aprobada.

Polo Presidente da Deputación, resolverase sobre as alegacións formuladas e sobre a aprobación definitiva da liquidación anual”.

SEGUNDO: Establecer que esta reforma terá efectos a partir do día seguinte da súa completa publicación. En canto á derogación do apartado a) da Base Décima.- Compensación económica entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2019.

TERCEIRO: Publicar os acordos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia.

Lugo, 15 de novembro de 2018

O PRESIDENTE,

P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-7-2016.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez

R. 3252

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación orzamentaria do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2018, vía crédito extraordinario; en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resumos:

ORZAMENTO 2018

ESTADO DE GASTOS			
CAPÍTULO	CONSIGNACION ACTUAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACION FINAL
I GASTOS DE PERSOAL	82.060,37	0,00	82.060,37
II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	5.578.280,82	28.695,68	5.606.976,50
III GASTOS FINANCEIROS	100,00	0,00	100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00	0,00	0,00
VI INVESTIMENTOS REAIS	324.976,96	20.883,32	345.860,28
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
TOTAL ESTADO DE GASTOS	5.985.418,15	49.579,00	6.034.997,15

ESTADO DE INGRESOS			
CAPÍTULO	CONSIGNACION ACTUAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACION FINAL
I IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	0,00	0,00
II IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	0,00	0,00
III TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	850.100,00	0,00	850.100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.802.090,28	0,00	4.802.090,28
V INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00	0,00	100,00
VI ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00	0,00	0,00
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	333.127,87	0,00	333.127,87
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	49.579,00	49.579,00
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS	5.985.418,15	49.579,00	6.034.997,15

O que se fai público aos efectos oportunos.

Lugo, 9 de novembro de 2018.- O SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONSORCIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3232

CONCELLOS CASTROVERDE

Anuncio

Ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo, tense interposto por dona Cristina Yáñez Ces, o recurso procedemento abreviado 0000256/2018 F, contra Resolucións desta Administración do 4 de xullo de 2018, pola que se desestima o recurso de alzada interposto contra a Resolución do 9 de maio de 2018 do tribunal cualificador do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de auxiliar administrativo, escala de administración xeral, mediante o procedemento de oposición libre, e contra a Resolución do 10 de xullo de 2018, de nomeamento de funcionaria de carreira.

En consecuencia, o Concello de Castroverde, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, resolve emprazar aos interesados no devandito recurso para que poidan acudir e comparecer como demandados no prazo de nove días seguintes á publicación do presente anuncio no B.O. da Provincia de Lugo.

Castroverde, 15 de novembro de 2018.- O Alcalde, Xosé Mª Arias Fernández.

R. 3243

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión do día 12/11/2018 acordou aprobar inicialmente a modificación das tarifas do servizo de auga e sumidoiros, coa conseguinte modificación das ordenanzas correspondentes.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días, na Secretaría deste Concello, período durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Chantada, 14 de novembro de 2018.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3226

GUITIRIZ

Anuncio

Convocatoria para a selección de persoal laboral temporal: 7 auxiliares de axuda no fogar e creación de bolsa de emprego público temporal 2019-2020.

O Concello de Guitiriz aprobou por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2018 as seguintes bases:

“Bases para a selección de 7 auxiliares de axuda no fogar como persoal laboral temporal (contrato de interinidade) e creación dunha bolsa de emprego temporal cunha duración de dous anos (2019-2020)”

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes Bases e convocatoria teñen por obxecto a selección de 7 auxiliares de axuda no fogar como persoal laboral temporal e creación dunha bolsa de emprego temporal cunha duración de dous anos (2019-2020).

O réxime de contratación laboral será o contrato de duración determinada por interinidade do artigo 4 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada. A duración dos contratos será ata a provisión definitiva das 7 prazas vacantes de auxiliar de axuda no fogar como persoal laboral fixo do Concello, unha vez aprobada a OEP e realizados os procesos selectivos para a cobertura definitiva dos postos ao longo do ano 2019, polo que a duración estimada dos contratos será dun ano.

A presente convocatoria e bases serán obxecto de publicación no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal (concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal). O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados unicamente no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e na sede electrónica do Concello de Guitiriz.

SEGUNDA.- FUNCIONS E CARACTERISTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO

As funcións dos postos de traballo de “auxiliar de axuda no fogar” serán as establecidas na ficha nº28 da RPT do Concello de Guitiriz.

O traballo de “auxiliar de axuda no fogar” no servizo de SAF consistirá na realización das actividades reflectidas no plan de traballo que se elaborará o departamento de servizos sociais para cada persoa beneficiaria, e serán os referidos a atencións de carácter persoal, doméstico, atencións de roupa, compra e preparación de alimentos, tarefas de relación do contorno, e/ou outras que se determinen e que sexan necesarias para incorporar ao plan de traballo individualizado da persoa usuaria do servizo, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social responsable do servizo ou, no seu defecto, a profesional que interveña no caso.

Os traballos se realizarán en domicilios situados nas diferentes parroquias do municipio, de acordo coa programación de traballo que se lle designe, polo que as persoas seleccionadas terán que contar cos medios necesarios para o desprazamento, pola súa conta, dentro da xornada laboral.

O salario mensual será de 835,35 euros brutos e a parte proporcional da paga extra, máis os incrementos anuais que correspondan segundo as leis de orzamentos xerais do Estado.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

3.1. Para tomar parte no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos establecidos no artigo 56 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Nacionalidade: a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facendoo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.

Habilitación: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.

Titulación: Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

-Estar en posesión da titulación de formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente (regulado no Real decreto 496/2003, de 2 de maio).

-Estar en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (regulado no Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e a comunidade).

Requisitos específicos: Carne de conducir tipo B e dispoñer de medio de transporte para o desprazamento polas distintas parroquias do municipio.

3.2. Os citados requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias e manterse durante todo o proceso, así como, no seu caso, no momento da formalización dos contratos laborais.

CUARTA.- PRESENTACION DE INSTANCIAS

4.1. Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, conforme ao modelo que consta no Anexo I das presentes bases, que poderán obter nas oficinas xerais do Concello e na páxina web municipal (concellodeguitiriz.com).

Na instancia deberá facer constar que reúne todos os requisitos xerais e específicos esixidos na base terceira da convocatoria para a categoría do posto de traballo á que aspira.

Á instancia deberase acompañar dos seguintes documentos:

a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou documento equivalente.

b) Fotocopia da titulación esixida para o posto de traballo.

c) Fotocopia da documentación acreditativa dos requisitos específicos e dos méritos alegados. Aqueles méritos alegados e non xustificadas documentalmente non serán tidos en conta polo Tribunal Cualificador.

4.2. As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz (rúa do Concello, nº4 de Guitiriz), ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP de Lugo.

Se a solicitude se presentara por correo ou nun rexistro diferente ao do Concello de Guitiriz se deberá remitir ao fax do Concello (982372178) antes da data de expiración do prazo o documento xustificativo correspondente.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que haxan feito constar na súa solicitude, e unicamente poderán modificalos dentro do período de presentación de instancias.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E DESINACIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN

5.1. Rematado o prazo de presentación de instancias aprobarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/a, antes do terceiro día hábil seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de instancias. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base terceira.

5.2. Perante o prazo de 5 días hábiles, de conformidade co previsto no artigo 68 .da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os interesados poderán corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións ás listas provisionais. De non presenta-la solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

5.3. Se non presentasen reclamacións á lista provisional considerarase definitiva. No suposto de existir reclamacións, unha vez transcorrido dito prazo aprobarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a lista definitiva de aspirantes admitidos, e sinalarase a data e hora de realización da primeira proba da fase de oposición.

5.4. En dita resolución desinarase aos membros do Tribunal de Selección de conformidade con disposto no texto Refundido do EBEP.

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do/a presidente/a e do/a secretario/a ou de quen lles substitúan, e da metade, al menos, dos seus membros. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a del Tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

Os Tribunais de Selección resolverán todas as cuestións derivadas da aplicación das Bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo, encontrándose vinculados polo disposto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A proposta do Tribunal de Selección determinarán a orden dos integrantes da Bolsa de Emprego.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. O Tribunal terá a categoría terceira e prevense un número máximo de 5 sesións (25 asistencias) neste proceso selectivo.

SEXTA.- SISTEMA DE SELECCION

A selección realizarase de conformidade co previsto na presente base polo sistema de concurso-oposición:

6.1. FASE DE OPOSICION (Puntuación máxima 20 puntos)

Constará dun exercicio composto por dúas probas a realizar na mesma sesión: a primeira consistirá nunha proba tipo test e a outra será un suposto práctico, ambas probas serán obrigatorias e o exercicio ademais será eliminatorio:

A) Proba tipo test: Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 10 preguntas con 3 respostas alternativas das que só unha será correcta, referidas ao contido do posto de traballo segundo o Anexo II das bases.

O tempo máximo para a realización desta proba será de 25 minutos.

A proba calificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 4 puntos para superar a proba. As respostas correctas valoraránse cada unha con 1 punto. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

B) Un suposto práctico relacionado coas funcións propias do posto, a proposta do tribunal, que poderá formular preguntas sobre o mesmo.

O tempo máximo para a realización desta proba será de 25 minutos.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 4 puntos para superala.

6.2. FASE DE CONCURSO (Puntuación máximo 8 puntos)

A fase de concurso consistirá na valoración dos seguintes méritos, na que se poderá acadar entre 0 e 8 puntos.

A) Experiencia profesional (puntuación máxima: 5 puntos)

Por cada mes completo de servizos prestados en calquera administración pública mediante relación laboral ou funcional ou en empresa privada no posto de traballo ao que aspira: 0,15 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Os méritos do apartado A) acreditaranse mediante certificación dos servizos prestados e/ou mediante informe de vida laboral ao que se deberá achegar os contratos de traballo. Así mesmo deberá achegarse certificación acreditativa das funcións do posto desempeñado.

B) Formación (puntuación máxima: 2 puntos)

Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologados por estas, sempre que non sexan requisitos específicos do punto 3.2. das presentes bases.

Valorarase a seguinte formación relacionada do seguinte xeito:

-Formación Profesional (axuda no fogar, xerocultor, auxiliar de enfermería ou equivalentes). 2 puntos

-Cursos de formación: 0,1 puntos por cada 10 horas lectivas de formación relacionada.

-Masters ou estudos superiores: 1 punto por cada 100 horas de formación relacionada.

Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.

Valoraranse en todo caso os cursos sobre seguridade e hixiene no traballo (0,2 puntos)

Os méritos do apartado B) acreditaranse mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

C) Coñecemento da lingua galega (puntuación máxima: 1 punto)

- Celga 4, equivalente ou superior: 1 punto.

- Celga 3 ou equivalente: 0,75 puntos.

- Celga 1 ou 2 ou equivalente: 0,50 puntos.

Só se valorará o curso de nivel superior.

Os méritos dos apartados C) acreditaranse mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

Unha vez efectuada polo Tribunal a valoración dos méritos se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación obtida na fase do concurso.

6.3. PUNTUACION TOTAL

A puntuación total de cada aspirante no proceso selectivo virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso e na fase de oposición, que será entre 0 e 28 puntos.

O Tribunal de Selección determinará a lista provisional de aprobados e a orden provisional dos integrantes da Bolsa de Emprego, que será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e na sede electrónica do Concello a efectos de posibles reclamacións durante un prazo de tres días, que serán resoltas polo Tribunal.

SETIMA.- RESOLUCION DO PROCESO SELECTIVO E FORMACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO

7.1. Mediante Resolución de Alcaldía determinarase a lista definitiva dos 7 aspirantes aprobados e orde definitiva dos integrantes da Bolsa de Emprego, por orden da puntuación total obtida no proceso selectivo polos distintos aspirantes, e será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Guitiriz.

En caso de empate na puntuación total, terá prioridade a persoa candidata que obtivese maior puntuación na fase de oposición e de persistir este quen acredite maior experiencia profesional. Se aínda persiste o empate decidírase por sorteo público.

A Bolsa de Emprego que se creará coa presente convocatoria terá unha vixencia de 2 anos, e os candidatos que pasen a formar parte da mesma non ostentarán dereito algún ao nomeamento/contratación.

7.2. Os procedementos específicos para a contratación do persoal laboral seleccionado no suposto de baixas, vacacións, permisos ou circunstancias similares do persoal; ou por acumulación de tarefas, atender servizos estacionais urxentes que non poidan prestarse co persoal existente, realizaranse conforme aos seguintes trámites:

-Informe do/a xefe/a de servizo ou sección ou do concelleiro do área, xustificando as circunstancias e as necesidades de persoal.

-Informes xurídico de secretaría e informe de fiscalización e existencia de crédito de intervención

-Resolución de Alcaldía acordando o nomeamento do candidato que ocupe o primeiro lugar da lista na correspondente categoría, agás que renuncie ou non conteste, en cuxo caso se nomeará ao seguinte candidato da Bolsa de Emprego, pasando este ao último lugar da lista; e así sucesivamente.

Si algun/alguna candidato/a non contesta seguirase chamando aos seguintes do listado co fin de axilizar e non paralizar o proceso de contratación, tendo en conta que si durante esa xornada a persoa coa que non se deu contacto se pon en contacto co concello ten dereito a ser contratado, doutro xeito pasará ao final do listado.

A renuncia é obrigatoria sendo válida por fax, correo electrónico ou calquera outro medio no que quede constancia no concello

-Formalización do correspondente contrato laboral temporal polo período que dure a substitución de persoal, ou os servizos temporais ou estacionais urxentes, persoal existente, conforme ao Estatuto dos Traballadores, baixo a modalidade que proceda no caso concreto.

7.3. Unha vez que o persoal contratado remate o seu contrato de traballo, se tivese acumulados máis de 180 días de traballo para o Concello, pasará a ocupar o derradeiro lugar na lista; en caso contrario, volverá a ocupar o lugar no que se atopaba antes da contratación.

En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da Bolsa de Emprego.

A xornada laboral poderá ser a tempo completo ou a tempo parcial, dependendo das necesidades do servizo.

7.4. A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado implicará que o candidato pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A renuncia a dúas ofertas sin xustificar serán causa de expulsión da bolsa de emprego. Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o candidato ao último lugar da lista, quedando na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

- a) estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de Familia.
- b) estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
- c) falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.
- d) outras causas similares as anteriores debidamente xustificadas.
- e) Atoparse en situación de emprego activo temporal e non elixir cambiar de posto de traballo, Neste caso causará baixa temporal na lista e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego. Unha vez xustificado pasará ao final

A presentación da documentación acreditativa de calquera das anteriores circunstancias efectuarase no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación do chamamento efectuado polo Concello.

7.5. Son causas de exclusión da bolsa de emprego as seguintes:

- a) Haber sido separado do servizo mediante expediente disciplinario sempre que exista unha resolución xudicial definitiva.
- b) A non superación do período de proba. No caberá esixir dito período de proba cando o traballador xa desempeñara as mesmas funcións con anterioridade.
- c) Haber sido despedido polo Concello de Guitiriz.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATO DE TRABALLO.

Os aspirantes seleccionados, no prazo de cinco días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, deberá presentar na secretaría do Concello de Guitiriz, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
- b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nen se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Os que tivesen a condición de funcionarios públicos ou persoal laboral, estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración da que dependeran para acreditar tal condición.

Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser contratados, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso-oposición.

Cumprimentado o anterior procederá a sinatura dos contratos laborais temporais polos 7 aspirantes aprobados. O réxime de contratación laboral será o contrato de duración determinada por interinidade do artigo 4 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada. A duración dos contratos será ata a provisión definitiva das 7 prazas vacantes de auxiliar de axuda no fogar como persoal laboral fixo do Concello, unha vez aprobada a OEP e realizados os procesos selectivos para a cobertura definitiva dos postos ao longo do ano 2019, polo que a duración estimada dos contratos será dun ano.

As condicións da contratación serán as seguintes:

- O traballo consistirá na realización das actividades reflectidas no plan de traballo que se elaborará no departamento de servizos sociais de cada persoa beneficiaria, e serán os referidos a atencións de carácter persoal, doméstico, atencións de roupa, compra e preparación de alimentos, tarefas de relación do contorno, e/ou outras que se determinen e que sexan necesarias para incorporar ao plan de traballo individualizado da persoa usuaria do servizo, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social responsable do servizo ou, no seu defecto, a profesional que interveña no caso.
- Os traballos se realizarán en domicilios situados nas diferentes parroquias do municipio, de acordo coa programación de traballo que se lle designe, polo que as persoas seleccionadas terán que contar cos medios necesarios para o desprazamento, pola súa conta, dentro da xornada laboral.
- O salario mensual será de 835,35 euros brutos e a parte proporcional da paga extra, máis os incrementos anuais que correspondan segundo as leis de orzamentos xerais do Estado.
- Aos contratos deben engadirse as demais condicións establecidas con carácter preceptivo no ordenamento xurídico aplicable.

NOVENA.- LEXISLACION E RÉXIME DE RECURSOS

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 1/95, de 24 de marzo, de Estatuto de Traballadores e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos. Non serán de aplicación as bases xerais do Concello de Guitiriz aprobadas polo decreto de alcaldía 40/2008.

Tanto a convocatoria como as bases e demais actos administrativos que se deriven poderán ser impugnados nos casos e nas formas previstos na Lei do procedemento administrativo común:

-Recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria.

-Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria; ou si se interpón recurso de reposición no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso."

ANEXO II - Temario

A proba tipo test e o suposto práctico referidos no punto 6.1 das presentes bases versará sobre o temario regulado no R.D. 1379/2008 de 1 de agosto, modificado polo RD 721/2011, de 20 de maio para o certificado de profesionalidade “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio” (SSCS0108), sendo o mesmo:

- Hixiene e atención sanitaria domiciliaria.: Características e necesidades de atención hixiénico-sanitaria a persoas dependentes. Administración de alimentos e tratamentos a persoas dependentes no domicilio. Mellora das capacidades físicas e primeiros auxilios para as persoas dependentes no domicilio.
- Atención e apoio psicosocial domiciliario: Mantemento e rehabilitación psicosocial das persoas dependentes no domicilio. Apoio ás xestións cotias das persoas dependentes. Interrelación, comunicación e observación coa persoa dependente e o seu entorno.
- Apoio domiciliario e alimentación familiar: Xestión, aprovisionamento e cociña na unidade familiar de persoas dependentes. Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes.

Guitiriz, 14 de novembro de 2018.- A alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 3227

GUNTÍN*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía de 14 de novembro de 2018, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao segundo bimestre do ano 2018.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 14 de novembro de 2018 ata o 13 de xaneiro de 2019. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 14 de novembro de 2018.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 3228

LUGO*Anuncio*

DECRETO NÚMERO 18008618 DO 18/10/2018

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tte. de Alcalde Delegado da Area de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto Nº 17009849 do 09/11/2017, se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Policía Local, pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de mobilidade horizontal, mediante o sistema de concurso entre funcionarios doutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia o cal se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 11/550 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 13.09.2017.

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 279, de 5 de decembro de 2017.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 24, de 2 de febreiro de 2018 e anuncio no “Boletín Oficial del Estado” núm 51, de 27 de febreiro de 2018.

Vista a proposta do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade pola quenda de mobilidade horizontal a dúas prazas de Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, de data 2 de outubro de 2018, na cal figura un parágrafo do seguinte teor literal:

“Á vista do resultado do proceso selectivo o Tribunal propón o acceso en propiedade pola quenda de Mobilidade Horizontal das dúas prazas de Policía Local pertencentes ao cado de persoal funcionario deste concello aos aspirantes MARIA LÓPEZ PALACIOS e JOSE MIGUEL CURRÁS RINCÓN, que acadaron ós dous primeiros postos na súa cualificación final.”

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

Primeiro.- Facer pública a relación dos aspirantes aprobados así como a puntuación obtida no referido procedemento selectivo, de conformidade coa Base Novena das Bases Específicas do proceso selectivo para o acceso en propiedade pola quenda de mobilidade horizontal a dúas prazas de Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo:

2 PRAZAS DE POLICIA LOCAL (quenda mobilidade horizontal)

LOPEZ PALACIOS, MARIA (126,14 PUNTOS)

CURRÁS RINCÓN, JOSE MIGUEL (100,260 PUNTOS)

Segundo.- Os/as opositores/as aprobados/as, de conformidade coa base vixésima das Bases Xerais, deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Declaración xurada de non estar separada ou separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso ou incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función, excepto para as prazas reservadas a persoas con discapacidade, nas que haberá que estar ao disposto na base sétima.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exenta/o de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionaria/o e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Terceiro.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición podrá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 18 de outubro de 2018.

R. 3229

Anuncio

A través de Decreto número 18008789 aprobouse o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondentes ao segundo trimestre do ano 2018, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 26 de outubro ata o día 26 de novembro de 2018 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 25 de outubro de 2018.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA AREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN (Decreto nº 16005312 do 5 de xullo de 2016, modificado por decreto 16008543 do 09/11/2016) Asdo.: Ana María González Abelleira.

R. 3255

A PONTENOVA*Anuncio***LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA DE MÚSICA E DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE OUTUBRO 2018.**

Por Resolución de alcaldía de data doce de novembro de 2018 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 3 de decembro de 2018 ao 4 de febreiro de 2018**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 3 de decembro de 2018 ao 4 de febreiro de 2018**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 12 de novembro de dous mil dezaioito.-O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3230

SARRIA*Anuncio***BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO ACCESO A UNHA PRAZA DE TÉCNICO DE TURISMO, COMO FUNCIONARIO INTERINO, ASÍ COMO A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO.**

Prazo de presentación de instancias: 10 días naturais, contados a partires do día seguinte en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Bases para a selección, completas, publicadas no portal de transparencia do Concello de Sarria (carpeta 1.7.2): sede. Sarria.es

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO ACCESO A UNHA PRAZA DE TÉCNICO DE CONTRATOS, COMO FUNCIONARIO INTERINO, ASÍ COMO A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO.

Prazo de presentación de instancias: 10 días naturais, contados a partires do día seguinte en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Bases para a selección, completas, publicadas no portal de transparencia do Concello de Sarria (carpeta 1.7.2): sede. Sarria.es

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO ACCESO A UNHA PRAZA DE DINAMIZADOR DA CASA DA CULTURA, COMO FUNCIONARIO INTERINO, ASÍ COMO A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO.

Prazo de presentación de instancias: 10 días naturais, contados a partires do día seguinte en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Bases para a selección, completas, publicadas no portal de transparencia do Concello de Sarria (carpeta 1.7.2): sede. Sarria.es

Sarria, 14 de novembro de 2018.- A Alcaldesa, María del Pilar López Yáñez.

R. 3231

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***Expediente número: A/27/21493.**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Amable Fernández González.

Nombre del río o corriente: Manantial.

Caudal solicitado: 0,051 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 206 del polígono 38, Fonchave-Fontarón.

Término Municipal y Provincia: Becerreá (Lugo).

Destino: Complemento al uso ganadero.

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Arqueta de captación, equipo de bombeo e impulsión hasta conectar con infraestructura de distribución a abrevaderos existente.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Becerreá**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 4 de enero de 2018.- **EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES.** Pedro Granda Rodríguez.

R. 3217